

EXPÓSITO GARCÍA, Mercedes: *De la garçonne a la pin-up. Mujeres y hombres en el siglo XX*, Cátedra, col. Feminismos, Madrid, 2016, 398p.

*La garçonne*, polémica novela escrita por Victor Margueritte en 1922, é o punto de partida do camiño investigador emprendido por Mercedes Expósito e que conclúe, de momento, na publicación deste libro. No escrito de Margueritte, moi lido no período de entre guerras, descríbese unha muller nova que rompe cos modelos femininos da época poñendo de manifesto a hipocrisía da dobre moral burguesa que require recato, resignación e submisión ás mulleres encanto que alenta a múltiples aventuras amorosas e vida libre masculinas. Esta protagonista vaise desvelando a través do entabado de experiencias emocionais como unha muller que opta por levar unha vida sincera, auténtica, lonxe dos convencionalismos; unha vida que desde os parámetros burgueses adoptados para o sexo feminino semella escandalosa, rebelde, promiscua, transgresora.

Xa no nome co que se denomina ao novidoso modelo de muller das primeiras décadas do XX, apúntase a que se trata dunha feminidade andróxina (ou, se cadra mellor, xinandroide). *Garçon* é un vocábulo francés que se traduce por ‘rapaz varón’. O seu feminino é *fille*, palabra que se adía para optar por forzar a feminización dun termo de por si masculino. De aí, a razón da dificultade da tradución completa ao galego ou ao castelán e que explica que nas primeiras traducións ao español se utilizara a palabra *garzona*.

Como se anuncia no título, o ensaio de Mercedes Expósito xira en torno a este modelo de muller *garçonne* de principios do XX; deste xeito, ademais do arranque, é tamén o eixo central da investigación. O obxectivo declarado é rescatar do medio-esquecemento esta figura de muller que amosou elevadas cotas de liberación respecto ás normas masculinas burguesas

---

Recibido: 03/09/2016. Aceptado: 12/09/2016.

previas. Un prototipo que foi escurecido por outros posteriores moito máis submisos e con bastante menor potencial emancipador. No subtítulo aclárase un tanto máis o contido: tratarase acerca de “mulleres e homes no século XX”. Semella moi xenérico, mais atina ben co que se nos ofrece: unha complexa arañeira de modelos de mulleres, e os correspondentes dos homes, na que se intercalan manifestacións literarias, cinematográficas e fotográficas.

O libro está separado en dúas partes. A primeira abrangue fins de XIX e primeiras décadas do XX, especialmente en Europa. Mentres que na segunda se nos achega ao que ocorre ao outro lado do Atlántico, nos Estados Unidos, desde principios do XX tamén, pero encarándonos cara ás décadas dos 30 e 50, amosándonos a xénese e desenvolvemento dunha nova orde político-económica que será o sostén dunha imaxe da muller, que pode ser considerada como o envés da *garçonne*: a *pin up*.

Así pois, nos estertores do XIX, preséntasenos o chan do que agromará a *garçonne*, un subsolo completamente diferente ao que ela chegará a ser. A *garçonne* amósasenos como o reverso da muller anxo do fogar (Virxe María benfeitora), símbolo da domesticidade tan realzado como contraste e modelo na época vitoriana, un tempo de corpiños físicos e mentais. E, ao tempo, emparentada coas *femme fatales*, as mulleres vampiros, amazonas, históricas, feministas... e todas as figuracións misóxinas que neste século asocian as mulleres con formas demoníacas, enlazando coas antigas tradicións que asimilan as mulleres ás bruxas, ao mal (Eva, Salomé).

A *garçonne*, entón, non xorde do nada, nin fronte ao nada, nin tampouco illada do mundo. Máis ben, pola contra, medra posicionándose contra a domesticidade vitoriana, moi próxima á imaxe do mal feminino (o vicio, a sexualidade). Expósito asimílaa a toda unha “nova civilización” coa que se relaciona: coas sufragistas e feministas tanto moderadas como radicais (Rose e Emmeline Pankhurst, en primeiro lugar, mais tamén Dora Marsden, Emma Goldman, Fredrica Bremel etc.); coa gran Virxinia Woolf que revoluciona a literatura do seu tempo; e tamén con Coco Chanel, quen transforma as femininas formas de vestir e de levar os cabelos, acordes cunha muller *garçonne* independente.

Estas mulleres viven arredor da década dos 20, anos loucos, felices, de foxtrot, charlestón, tango, jazz..., de *maillots* de baño, de novos deportes e novas profesións ata o momento vedados ás mulleres..., de mulleres que se moven nun ambiente inconformista que mestura os dous sexos. Mercedes Expósito narra en detalle como estas mulleres representaron un acontecemento insólito na súa época, constituíndo dúas ou tres xeracións que

provocaron tal transformación social “que moitos temían o fin dunha civilización” (p. 21). Mulleres progresistas, vangardistas, pacifistas, feministas... *Garçonnes* francesas e *flappers* estadounidenses, algo menos independentes, e moitas outras, de forma complexa... unha nova civilización que non callou por completo.

En novelas costumistas como as de Victor Margueritte (a nomeada e *Nos Égales*, por exemplo) ou a de *Monsieur Venus*, de Rachilde, temos documentos da época nos que se expresan con claridade os ideais feministas e pacifistas tal e como se vivían no momento.

Por que desapareceron estas mulleres? Por que non se nos conta nos libros de historia ou de filosofía que a principios do XX dúas xeracións de mulleres subverteron a orde establecida en torno á sexualidade feminina -e masculina, en consecuencia? Con estas preguntas en mente, entramos na segunda metade do percorrido, nos Estados Unidos.

Relátasenos agora como desde inicios do XX neste país asístese a unha progresiva americanización patriótica, hiperbólica, que pode apreciarse xa desde a primeira guerra mundial e o recrutamento obrigatorio de soldados para a súa participación na contenda. Este hiperpatriotismo leva a deostar todo o relacionado cos “vermellos” e tamén co progresismo, pacifismo —antiarmamentismo— e feminismo —sufraxismo—. E vai precisar dun sistema de valores bastante tradicional que, conectará perfectamente cos valores dos autoritarismos que, a partir dos anos 30, triunfan en varios puntos de Europa.

Simultaneamente, os estadounidenses algo rebeldes séntense atraídos pola mítica metrópole de París, e a súa vida bohemia, artística, vangardista e transgresora... Un París, en especial á beira esquerda do Sena, hábitat por excelencia da *garçonne*, e lugar da axitación cultural europea -tamén do feminismo e do pacifismo. Alí non se producen aínda as persecucións e presións que acontecían nos Estados Unidos e o contexto relaxado colabora ao magnetismo parisiense.

En todo caso, non só París é lugar atractivo para a xente con inquietudes artísticas, culturais e políticas; noutras capitais europeas como Londres e Berlín tamén se dan ambientes similares. E quen fica nos Estados Unidos, pode achegarse ao Greenwich Village neoiorquino no inverno ou a Cap Code, Provincetown, no verán. Son moi numerosos os nomes de escritoras —incluídas xornalistas— e artistas citadas por Mercedes Expósito (Emma Goldman, Margaret Sanger, Djuna Barnes, Gertrude Stein, Janet Flanner, Hilda Doolittle...) quen obviamente se centra nas mulleres, tanto no que elas fan e din como nas imaxes de mulleres transmitidas nas obras de

escritores contemporáneos (Stephan Zweig, Scott Fitzgerald, Ernest Hemingway).

Seguindo co acontecido nos Estados Unidos, neste caso na costa Leste, en Hollywood, a autora amosa a importancia e auxe do cine como vehículo transmisor de modelos de muller. Aínda que nun principio as figuras que apareceron na pantalla foron variadas e mesmo houbo bastantes filmes que amosaban á nova muller (como *A foul there was*, con Theda Bara ou *A free soul*, interpretada por Norma Shearer), a partir do Código de 1934 mediante o que se realiza unha profunda censura nos filmes (ata 1968), a cada paso vaise impondo máis un *star system* que presenta case en exclusiva a mulleres nas que o relevante é a aparencia física, rodeadas de luxo, un tipo de mulleres moi sexi, dunha sexualidade ou sensualidade inxenua, provocadora mais nunca subversiva. Son exemplos Betty Grable, e sobre todo Marilyn Monroe. Vén sendo un modelo de muller que expresa a mirada masculina tradicional e dura, en torno ao feminino e, por conseguinte, non é considerada perigosa, xa que non está feita por si mesma, senón que é o complemento de tal masculinidade. Os argumentos tamén se acomodan á ideoloxía: a institución do matrimonio xa non se cuestiona, e imponse o rosa *happy end* na maior parte dos casos. Todo isto é contemporáneo dunha época de autoritarismos en Europa, de censuras e persecucións ideolóxicas que favorecen a recepción deste tipo de obras.

Así mesmo, Mercedes Expósito destaca como por medio de películas, publicidade, revistas, vai primándose o consumismo, o que revela as conexións entre ideoloxía, economía e sociedade (capitalista). Non obstante, por outra banda, a realidade non segue un so fío ou argumento e haberá mulleres que reflexionen e se decaten do que hai detrás das imaxes impostas, das ideoloxías patriarcais que sustentan as reaccións sociais antiemancipadoras. En particular, a ensaísta refírese a *O segundo sexo* de Simone de Beauvoir (1948) e algo despois *A mística de feminidade*, de Betty Friedan (1963). Este último é unha mostra da complexidade da realidade, e dos efectos non esperados. As mulleres repregadas no ámbito da domesticidade moderna nos Estados Unidos, rodeadas de electrodomésticos e casas bonitas adoecen dun mal que non ten nome, unha mística que ao cabo hai que relacionar coa falta de lugar para a emancipación e a realización persoal máis alá da submisión ao masculino.

A contrafigura da *garçonne* que vai imponéndose desde os anos da segunda gran guerra, e á que se apuntou ao falar do *star system* hollywoodiense, é a *pin up*, muller de anuncio, a moza de calendario ou de portada de revista, un tipo de muller-boneca, loura, optimista, de aparencia sempre

feliz, sen complicacións, pasiva e moi sexi (con frecuencia en roupa interior, e máis adiante en biquini ou espida). Unha figura que xurdiu para animar aos soldados americanos na guerra, pero que non fica aí.

Analizando un pouco, da man da autora, vemos como neste modelo elimínanse os aspectos maléficos ou demoníacos das mulleres fatais próximas á *garçonne*; é un prototipo construído por homes que une numerosos elementos da muller anxo do fogar vitoriana cunha sexualidade atrevida, pero non ameazadora nin transgresora, que satisfai as dúas principais demandas da masculinidade vitoriana: sexualidade e domesticidade, a corista e a esposa. Un modelo que se pon do lado (bo) da dobre moral burguesa supeditándose aos desexos sexuais masculinos e á mística da feminidade establecida por estes. A *pin up* afonda no eterno feminino da moza anxelical, compracente, submisa, pasiva, obxecto.

En fin, Mercedes Expósito amósasenos como unha aguda analista, desentrañadora de redes e lazos ideolóxicos paciente e perspicaz. Condúcenos por un complexo percorrido de figuras de mulleres e homes no pasado século, amosando agudos contrastes, avances e involucións, zigzags. E detén a súa mirada nun momento clave: o período de entre guerras, no que conviven a *garçonne* e a *pin up*. Neste sentido, unímonos ás palabras do prólogo de M<sup>a</sup> Xosé Agra, nas que destaca como principal contribución de Expósito a de “amosar a complexidade e interrelación das condicións sociais, culturais, políticas, así como as loitas de mulleres e feministas, para conseguir cambios, transformacións sociais, que levan a maiores cotas de liberdade e igualdade: independencia económica, tomar as rendas da propia vida, dereitos reprodutivos...” (p. 10).

Trátase, pois, dun libro necesario e con mensaxe, que nos deixa moitas preguntas: Por que non hai continuidade, subida de chanzos? Por que tantos retrocesos? Por que nos sigue condicionando tanto nacer mulleres, por que en gran medida seguimos abocadas a un segundo plano? Por que non se logra que funcione a xenealoxía das mulleres e continuamente hai que recomezar cal Sísifos eternos?

África López Souto